

¿Como facer referencia a unha folla de estilos dende un documento (X)HTML?

Hai dous modos de facer referencia ás follas de estilo externas dende un documento: có elemento *link* e coa directiva *@import*.

- **Utilizar *link*.**

O método con mellor soporte para facer referencia a follas de estilo externas é crear un vínculo ó documento CSS empregando o elemento *link* na cabeceira (*head*) do documento, tal e como se ve no seguinte exemplo:

```
<head>
  <link rel="stylesheet" href="/estilos/meuestilo.css" type="text/css" />
</head>
```

O atributo *rel* define a relación do documento vinculado có documento actual. O atributo *href* indica a URL do documento de folla de estilo. Poderanse vincular mais dunha folla de estilo nun documento.

- **Importar.**

Unha alternativa ós vínculos é importar unha folla de estilo externa a un documento empregando a función *@import* no elemento *style*:

```
<style type="text/css">
  <!--
    @import url(http://estilos/meuestilo.css);
    p {font-face: Verdana;}
  -->
</style>
```

Cando se engaden funcións *@import* adicionais có elemento *style*, a información de estilos do último arquivo lido (o que está ó final da lista) ten preferencia sobre os anteriores.